



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

Socialización diferencial *versus* Desigualdades de xénero



Co financiamento de:



Socialización diferencial vs Desigualdades de xénero

De que falamos?

Empecemos por lembrar que é socialización, coas definicións da RAG:

Socialización

1. *Acción e efecto de socializar.*
2. *Integración dunha persoa ou animal na sociedade da que forma parte.*

Socializar

2. *Facer que [un individuo] se integre socialmente ou se adapte ás normas de comportamento social.*

As persoas, a través da socialización, que se inicia ao nacer e perdura durante toda a vida, interiorizamos valores, comportamentos, hábitos e actitudes característicos da sociedade na que crecemos.

É un proceso no que as persoas aprenden a convivir, a desenvolverse, a seguir e cumprir pautas aceptadas e compartidas socialmente (en caso contrario serán “castigadas ou rexeitadas”).

Segundo a Teoría da Socialización Diferencial, adquirimos identidades diferenciadas de xénero que conlevan estilos cognitivos, actitudinais e conductuais, códigos morais e normas estereotípicas da conduta asignada a cada xénero.

Resultado?

Creación de normas estereotipadas que se asignan á conduta de cada persoa en referencia ao seu xénero.

Polo tanto, no fomento das desigualdades de xénero, a socialización diferencial é un factor clave. E un primeiro paso para camiñar cara a unha sociedade igualitaria é conseguir cambiar a cultura.

Para evitar a socialización diferencial é fundamental saber por que se produce e cales son as súas consecuencias.

Por que se produce?

Distintos axentes socializadores (familia, amizades, crenzas relixiosas, medios de comunicación...) emiten mensaxes diferentes segundo o xénero, estereotipos que acaban sendo aceptados pola maioría da sociedade.

Deste xeito, acábase asumindo como algo normalizado e cotián que o colectivo feminino asóciase coas emocións e a sensibilidade e o masculino coa racionalidade e o poder, e imos atribuíndo características e roles diferentes ás mulleres e aos homes.

Certo, estamos a cambiar esta tendencia, pero aínda coñecemos ámbitos nos que persisten as formas de educación “*diferenciada*” en función do sexo:

- Nenas: enfocar a súa educación cara á reprodución e o ámbito privado, potenciando pouco a súa ambición e liberdade e reprimir calquera conduta de dominio ou agresividade.
- Nenos: potenciar a súa educación para o éxito e a produción, incitándoo a potenciar a súa masculinidade e virilidade e a reprimir a expresión de emocións, sentimentos e afectos.

Consecuencias:

- Sociedades pouco equilibradas
- Desigualdade de xénero

Estudos levados a cabo por especialistas na materia descubriron que se producen situacións singulares:

- As actitudes máis igualitarias danse no colectivo feminino, tanto a nivel privado/doméstico como público, mentres que as actitudes masculinas e os seus valores son menos estables, máis volubles (e preocupa unha tendencia involucionista no colectivo adolescente nos últimos anos).
- O nivel cultural é un claro baremo diferencial (canto máis elevado, máis igualitario móstrase en valores e actitudes).
- A menor nivel educativo, máis estereotipados son os roles (homes incentivados para ser o sustento económico do fogar e mulleres reforzadas para que se encarguen das tarefas domésticas e de coidados).

Para rematar, dúas frases inspiradoras (unha voz feminina e outra masculina):

- “*Ata que non teñamos igualdade en educación, non teremos unha sociedade igualitaria*”. (Sonia Sotomayor, xuíza estadounidense).
- “*A igualdade das mulleres debe ser un compoñente central en calquera intento para resolver os problemas sociais, económicos e políticos*” (Kofi Annan, ex secretario da ONU).